

ACTA DO 18 DE DECEMBRO DE 2008, DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO POLO QUE SE REGULA A XORNADA, RETRIBUCIÓNS E CONDICIÓN DE TRABALLO DO PERSOAL MÉDICO DE URXENCIAS HOSPITALARIAS DO SERVIZO GALEGO SE SAÚDE.

ASISTENTES

Pola Administración

Francisco Javier Pena Corredoira

Subdirector xeral de Políticas de Persoal

Jesús Santiago Ares Martínez

Subdirector xeral de Procesos Asistenciais

Polas Organizacións Sindicais

M^a Xosé Abuín Álvarez (CIG)

Francisco Vázquez Vizoso (CIG)

Jorge Nogueira Dios (CIG)

Miguel Suárez Briones (CIG)

Manuel González Moreira (CIG)

Javier Martínez Fente (UGT)

Mercedes Rosende Queijo (CC.OO)

Arturo González López (CEMSATSE)

Santiago Rivas Fraga (CEMSATSE)

J. Evaristo Rodríguez Vázquez (CSI-CSIF)

Carlos Botana Alba (CSI-CSIF)

Sixto Sánchez Otero (CSI-CSIF)

Carlos Quintero Soto (CSI-CSIF)

Na sede da Consellería de Sanidade, en Santiago de Compostela, o 18 de decembro de 2008, previa convocatoria a todos os membros da Comisión de Seguimento coa seguinte orde do día: "Aspectos derivados da aplicación do Acordo"; as partes

EXPOÑEN:

De conformidade coa necesidade de acadar unha mellor adaptación das condicións de traballo e retributivas dos profesionais á prestación sanitaria nos servizos de urxencia hospitalaria, e tendo en conta a especificidade da prestación con respecto ao resto do persoal facultativo da Administración sanitaria, e en exercicio das competencias que á Comisión de Seguimento reserva o Acordo de 2 de marzo de 2007 suscrito pola Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CC.OO., CSI-CSIF e UGT

polo que se regula a xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico de urxencias hospitalarias do SERGAS, a mesma acadou os seguintes acordos aos efectos de resolver as cuestións suscitadas na interpretación e execución do acordo e de procurar o tratamento homoxéneo en canto a xornada, retribucións e condicións de traballo:

1.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Están incluídos dentro do ámbito de aplicación do Acordo, entre outros, o persoal médico estatutario non integrado na categoría de médico de urxencias hospitalarias que realiza a súa prestación nos servizos de urxencias hospitalarias. Xa que logo, o persoal facultativo especialista de área que realice a súa prestación nos servizos de urxencias hospitalarias poderá optar pola aplicación do réxime de xornada, retribucións e condicións de traballo que determina o Acordo.

2.- XORNADA.

A xornada ordinaria do persoal médico de urxencias hospitalarias en quenda que implique prestación en horario de noite, será de 1.430 horas efectivas anuais. A prestación en quenda que non implique prestación en horario de noite será de 1.624 horas efectivas anuais.

Esta xornada considérase efectiva porque para a súa fixación xa se exclúen as vacacións regulamentarias, 9 días de libre disposición, os 14 festivos e os descansos regulamentarios no ano natural, tomando como referencia os artigos correspondentes a xornada, descansos e permisos da Lei do Estatuto marco dos servizos de saúde, e demais normas sobre a materia propias do Servizo Galego de Saúde.

Reducirán a xornada ordinaria a razón de 7 horas anuais por día, agás no caso de que a ausencia efectiva sexa menor de 7 horas, (caso no que a redución de xornada será polo tempo de duración efectiva da ausencia), as ausencias motivadas polas seguintes causas:

1. Días de vacacións adicionais aos que fai referencia o art. 75.2º da Lei da función pública de Galicia (Texto Refundido aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo).
2. Días de asuntos persoais adicionais que se xeran a partires do cumprimento do sexto trienio aos que fai referencia o art. 76.3 2ª alínea da Lei da función pública de Galicia.
3. Cumprimento dun deber inescusable de carácter público.
4. Asistencia como membro ás sesións dos tribunais cualificadores de procesos selectivos para o ingreso en categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.
5. Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal, nos termos legalmente establecidos.
6. Do mesmo xeito as sesións clínicas e reunións xerais do servizo, dentro do horario de traballo, computaranse como xornada ordinaria efectiva traballada.
7. Permisos e Licenzas regulamentarias.

A Incapacidade Temporal computarase para o persoal Médico de Urgencias Hospitalarias do mesmo xeito que para o resto de persoal do Servizo Galego de Saúde.

A duración máxima conxunta da xornada ordinaria e da xornada complementaria so poderá superarse cando o persoal manifieste, por escrito, individualizada e libremente, o seu consentimento.

3.- INCREMENTO DAS RETRIBUCIÓNS DOS MÉDICOS DE URXENCIAS HOSPITALARIAS.

As contías das retribucións por nocturnidade e festividade do persoal médico de urxencias hospitalarias incrementaranse durante os anos 2008 e 2009 paralelamente (nas mesmas datas de efectividade e nas mesmas porcentaxes) que as acordadas para as gardas do persoal licenciado sanitario. Durante os anos 2010, 2011 e 2012 o valor/hora da retribución por nocturnidade e festividade incrementaranse nun 5 % en cada ano.

Toda vez que nos anos 2010, 2011 e 2012 progresarase na mellora retributiva das gardas ata acadar o valor da hora ordinaria no ano 2012, paralelamente revisarase a contía por xornada complementaria do persoal médico de urxencias hospitalarias.

4.- RETRIBUCIÓN POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN DÍA DE ESPECIAL SIGNIFICACIÓN.

Retribuirase adicionalmente ao salario ordinario a realización de xornada os días de especial significación (24, 25 e 31 de decembro e 1 e 6 de xaneiro). O devengo desta retribución implica a prestación de servizos efectivos de presenza física nalgún de tales días. Percibirase a retribución correspondente ao módulo de €/hora de garda previsto para as gardas médicas de servizos xerarquizados, obtido por división entre o valor do módulo e o número de horas do módulo, segundo se determina nas normas anuais de confección de nóminas de persoal da Administración pública de Galicia.

Retribuiranse os servizos prestados nas horas da quenda do médico de urxencias que coincidan co horario da Garda Médica dos servizos xerarquizados (17 ou 24 horas) que sexa obxecto de tal retribución adicional.

5.- RETRIBUCIÓN DA ATENCIÓN CONTINUADA EN VACACIÓNS.

O concepto retributivo de prorrateo de atención continuada en vacacións será aplicable ao persoal médico de urxencias hospitalarias nas mesmas condicións que ao persoal facultativo especialista de área. Aos efectos do seu

cálculo tomaranse en consideración as retribucións complementarias por Nocturnidade, Festividade e Xornada Complementaria. As horas de xornada que teñan o concepto de complementaria excepcional ou especial tamén se tomarán en conta para o devandito prorrateo como se fosen retribuídas ao prezo / hora da xornada complementaria.

6.- RETRIBUCIÓN POR EJERCICIO DA XEFATURA DE GARDA.

O persoal médico de urxencias hospitalarias poderá ser designado Xefe de Garda co procedemento, requisitos, funcións, compensación económica e demais regulación que resulte da instrución da División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde de 20 de marzo de 2000.

Unicamente será posible tal designación cando a quenda de traballo do médico de urxencias que houbese de ser designado Xefe de Garda de conformidade coa mencionada instrución de 20/03/2000 abarque na súa totalidade o horario da Garda de presenza física de 17 ou de 24 horas da Institución.

7.- PERMISOS E LICENCIAS.

O persoal médico de urxencias hospitalarias gozará dos mesmos permisos e licencias que o persoal estatutario licenciado sanitario da institución en que preste servizos.

O Plan funcional do centro, en función das súas características, determinará as condicións de realización das sesións clínicas dentro do seu horario de traballo. Cando o horario destas non sexa compatible co horario de traballo do profesional, este terá dereito á compensación en xornada equivalente.

O plan funcional establecerá as pautas de desenvolvemento das sesións clínicas e reunións xerais do servizo, dentro do horario de traballo, que se computaran como xornada ordinaria efectiva traballada.

8.- PERMISOS POR FORMACIÓN.

O persoal médico de urxencias hospitalarias poderán desfrutar de permisos para formación acreditada polos sistemas de acreditación da formación das profesións sanitarias, e as accións formativas incluídas no Plan de formación

continua das administracións públicas (Servizo Galego de Saúde, outras administracións públicas ou organizacións sindicais), cuxos programas estean relacionados coas funcións do seu posto de traballo, ou para capacitación profesional, cando a programación dos cursos sexa coincidente co horario de traballo. Por este motivo poderán solicitarse ata 28 horas ao ano.

Cando se exceda o límite de horas establecido, ou as materias non estean relacionadas coas funcións dos postos de traballo, os órganos directivos dos centros de xestión poderán facilitar a asistencia, cando as necesidades do servizo así o permitan.

9.- PLAN ESPECÍFICO DE SAÚDE LABORAL.

Para dar cumprimento ao artigo 6º do Acordo constituirase un grupo de traballo específico coordinado pola persoa titular da Xefatura do Servizo Central de Prevención de Riscos Laborais do SERGAS, adscrito á Subdirección Xeral de Políticas de Persoal, e integrado por un representante de cada unha das Organizacións Sindicais asinantes do Acordo e outros tanto representantes da Administración. A estes efectos as organizacións Sindicais asinantes do Acordo designarán un membro titular e outro suplente no devandito grupo de traballo.

As conclusións do grupo de traballo, que serán presentadas á Comisión de Seguimento do Acordo antes do 1 de xullo de 2009, estarán orientadas á elaboración dun plan de vixilancia da saúde específico para os Médicos de urxencias hospitalarias vinculado á adaptación do posto de traballo mediante accións de Mobilidade de posto de traballo, Adecuación horaria, Redución de xornada complementaria co límite da xornada ordinaria correspondente ao posto de traballo orixinario. No momento en que se cumpran as condicións estipuladas no artigo 4º, alínea 6ª do Acordo, a acción de redución de xornada complementaria para os médicos maiores de 55 anos, realizarase no horario nocturno, total ou parcialmente. Esta redución en modo algún implicará aumento da xornada ordinaria correspondente ao posto de traballo orixinario.

10.- PLANS FUNCIONAIS.

Os plans funcionais dos centros de xestión da rede do Sergas serán negociados e aprobados a mais tardar o 31 de xaneiro de 2009. De no poder ser aprobado o Plan Funcional por non haber acordo a dirección realizará a programación anual mediante resolución motivada que será dictada coa mesma data límite do 31 de xaneiro de 2009.

No caso da Fundación Pública Hospital da Barbanza, da Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira, da Fundación Pública Hospital de Verín e da Fundación Pública Hospital Comarcal do Salnés o prazo anteriormente sinalado prorrogárase ata o 31 de marzo de 2009.

Dentro do contido do plan funcional e como norma xeral, a determinación de postos de traballo coas súas características funcionais e horario así como a carteleira anual de presenzas e rotación farase en base á xornada anual ordinaria; polo mesmo, e na medida do posible, a xornada complementaria orientarase á cobertura de incidencias ou continxencias.

Neste sentido procurarase a equidade entre todo o persoal médico de urxencias hospitalarias, cunha cadencia en asignación de quendas que leven a unha repartición proporcionada tanto do número de horas mensuais de prestación como das quendas de realización das mesmas.

No proceso de aumento dos cadros de persoal das urxencias hospitalarias, a Administración, con suxeición á normativa orzamentaria, progresivamente adecuará –de ser necesario- a oferta de prazas de médicos de urxencias hospitalarias ás necesidades dos Servizos.

Así mesmo, na contratación dos médicos de urxencias hospitalarias respectarase o principio de causalidade e todos os vínculos da categoría con perspectiva de continuidade autorizaranse como nomeamentos de servizo determinado, que, na medida das limitacións orzamentarias, serán dotados nos respectivos cadros de persoal.

11.- ITINERARIOS PROFESIONAIS.

A comisión de seguimento do acordo elaborará, no primeiro semestre do ano 2009, un proxecto dirixido á dirección do Sergas que permita a mobilidade do persoal médico de urxencias hospitalarias a outras unidades do Sergas co obxecto de dotarlles dun itinerario profesional.

12.- TRASLADOS HOSPITALARIOS MEDICALIZADOS.

Por parte da Administración presentárase unha proposta de regulación por grupos de hospitais que recolla os principios de voluntariedade e regulación específica, de conformidade coa lexislación vixente.

13.- ABOAMENTO DA ATENCIÓN CONTINUADA DEIXADA DE PERCIBIR POLO PERSOAL MÉDICO DE URXENCIAS HOSPITALARIAS EN CASO DE INCAPACIDADE TEMPORAL, MATERNIDADE OU RISCO POR EMBARAZO.

É de plena aplicación ao persoal médico de urxencias hospitalarias a Circular da División de Recursos Humanos nº 18/2004, de 4/6/2004, sobre aboamento das gardas deixadas de percibir polo persoal facultativo especialista de atención especializada en caso de incapacidade temporal, maternidade ou risco por embarazo.

Neste sentido, e de conformidade co disposto no artigo 8º do Acordo as horas realizadas en concepto de xornada complementaria terán a mesma consideración que se atribúa ás horas de garda nos instrumentos que formalice o Servizo Galego de Saúde para a protección da situación de incapacidade temporal e permiso por maternidade dos facultativos especialistas das institucións sanitarias de atención especializada dependentes deste organismo.

Santiago de Compostela, a 18 de decembro de 2008.

Pola administración:

Polas organizacións sindicais:

CIG:

CC.OO.:

UGT:

CEMSATSE:

CSI-CSIF: